

Coloquio sobre o libro **OS MADRILEÑOS NON SEMPRE VEÑEN EN AGOSTO**



Francisco García Novio
Autor

Marisa Barreiro Mejuto
Docente e Presidenta do IESCHA

Manuel Castro Santamariña
Docente e Vocal do IESCHA

Fecha
21 de Marzo

Hora
20:00

Lugar
Casa da Cultura de Vilalba



PRESENTACIÓN DO LIBRO **OS MADRILEÑOS NON SEMPRE VEÑEN EN AGOSTO** de **FRANCISCO GARCÍA NOVIO**

INTERVEÑEN TAMÉN: **MARISA BARREIRO E MANUEL C. SANTAMARIÑA**

VENRES 21 DE MARZO DE 2025 - 20:00 H.

NA CASA DA CULTURA DE VILALBA

O Instituto de Estudos Chairegos, coa colaboración do Concello de Vilalba, organiza a PRESENTACIÓN do libro **"OS MADRILEÑOS NON SEMPRE VEÑEN EN AGOSTO"**, de **FRANCISCO GARCÍA NOVIO**, publicado por **Medulia editorial**.

Intervirán no acto: **Francisco García Novio, Marisa Barreiro Mejuto e Manuel Castro Santamariña**.

A presentación levarase a cabo o venres **21 de marzo de 2025**, ás **20:00 horas**, na **Casa da Cultura de Vilalba**

Os madrileños non sempre velen en agosto

Resumo: *Sabela, unha moza que vive en Madrid e que vén dunha ruptura matrimonial, decide, para curar as súas feridas, retornar á súa aldea natal a mediados do mes de maio -cando o habitual é que os madrileños volvan en*

agosto- e o feito produce estrañeza na veciñanza.

Nada máis chegar, aínda entre bágoas e suspiros, soubo que Antón e Paulo, amigos da nenez e compañeiros da escola, aos que lembraba como íntimos amigos, están anoxados de xeito irreconciliábel. A curiosidade obrígaa a investigar as causas desa inimizade, pescudando e preguntando a uns e a outros, incluídos os protagonistas.

Non podía sospeitar as consecuencias que esas indagacións terían para eles e para ela mesma.




Foto: **Óscar Cela**.

FRANCISCO GARCÍA NOVIO nacido na aldea Santa María de Marrozos, preto de Santiago o 30 de agosto de 1953.

Estudou Medicina en Santiago e fixo a especialidade de Uroloxía na Coruña, exercendo desde 1977 ata a actualidade.

Desde o punto de vista literario confésase lector desde neno e escritor de relatos, con dous libros publicados:

• **"Os madrileños non sempre veñen en agosto"** Editorial Medulia, 2023

• **"A voz do mosquito"** Editorial Medulia, 2024

Entrada de balde ata completar aforo